

NORMAS NOVA BIBLIOTECA
CARTA Á COMUNIDADE EDUCATIVA
Decembro 2023

Compañeiras e compañeiros:

A nova biblioteca vai comezar a súa andaina. Esta última semana de decembro só imos abrir para prestar libros martes, mércores e xoves nos recreos e á volta abrimos xa todas a salas.

Necesitamos unhas normas claras, consensuadas e ben coñecidas que a vaian convertendo nun instrumento indiscutible para a mellora do rendemento académico e persoal do alumnado.

As normas que pactamos son as seguintes.

1. Á biblioteca accédese só polo primeiro andar (sala principal). Calquera outro acceso queda, de momento, pechado para o alumnado. Esta vai ser a única maneira de controlar a saída e entrada do alumnado porque só hai unha profesora de garda nos recreos.
2. A biblioteca queda organizada en tres salas. Cada sala ten unha función e unhas normas diferentes.
3. A **sala principal** da biblioteca queda destinada a traballo en grupo e préstamo de fondos. Por esta sala accédese a toda a biblioteca. Hai unha porta de entrada e de saída. Nesta sala pódese falar.
4. A **sala de sofás** queda destinada a xogos. Os xogos non poden moverse desta sala. Nesta sala pódese falar.
5. A **sala de silencio**. Queda destinada a lectura e estudo en silencio nos recreos. Nesta sala non se pode falar.
6. O alumnado voluntario traballa na sala principal prestando, colocando e aconsellando. Poñer orde non é a súa tarefa.
7. A sala de silencio poderá ser usada como aula polo profesorado fóra das horas reservadas para materias específicas. Haberá unha folla de reserva na sala do profesorado. O mobiliario deberá permanecer ao final da clase como se atopaba.
8. A sala principal da biblioteca e a sala de xogos tamén poderán ser usadas como aula polo profesorado. Non hai folla de reserva.
9. O alumnado que convalide poderá permanecer na sala principal da biblioteca. Só poderán facer uso dos outros espazos se o autoriza profesorado que permaneza con eles.
10. Ao acabar a clase ou a garda debemos revisar que cada elemento queda no seu sitio. O profesorado debe velar polo mobiliario das tres salas (mesas, cadeiras, sofás, pufs, coxíns, alfombras...). Nós educamos. Eles e elas aprenden.

Un saúdo. O Equipo da Biblioteca.